



## ERASMUS+:

Cambiando vidas, abrindo mentes

### Charla informativa:

Coa finalidade de poder aclarar calquera DÚBIDA en relación coa SOLICITUDE DA BOLSA ERASMUS+, así como do seu contido temos programadas DUAS CHARLAR o **MARTES 17 de XANEIRO de 2017** nos **RECREOS** da mañá (**11:30 h**) e da tarde (**19:20 h**), no **SALÓN DE ACTOS** do IES. Politécnico de Vigo.

### Máis información:

Neste folleto non temos a posibilidade de incluír toda a información sobre ERASMUS+ e as BOLSAS que podemos conceder. Por iso, fixemos unha PÁXINA WEB onde podes ampliar a información que precisas.

Tes á dereita o código QR que escaneado co teu móbil permite acceder directamente á citada páxina web.



#### [Xestiona]

Coordinador de Proxectos Europeos  
IES. Politécnico de Vigo

Rúa Torrecedeira, 88, 36208 – VIGO

[WEB] <http://erasmuspolitecnico.wixsite.com/erasmuspolitecnico>



# BOLSAS ERASMUS+ 2016/2017 CICLOS SUPERIORES FP

IES. Politécnico de Vigo  
[Coordinador Proxectos Europeos]

# 1ª Convocatoria 2017

Remata o luns 23 de Xaneiro de 2017

Tes a posibilidade de participar nunha das experiencias máis interesantes da túa vida, conseguindo **mellorar o teu nivel profesional, o teu curriculum, o teu nivel de idioma, abrirete a outras novas culturas, e formarte como persoa**. Para iso, SOLICITA una das BOLSAS ERASMUS+ que xestiona o INSTITUTO. Neste folleto damos un pouco de información que podes ampliar na web de ERASMUS+ que temos, ou consultandolle ao Coordinador de Proxectos Europeos do Instituto.

## [SOLICITUDE DE BOLSA]

Abrese o prazo de presentación de **SOLICITUDES** de BOLSAS ERASMUS+ para CICLOS SUPERIORES de FP, coa finalidade de facer **PRÁCTICAS** ou **FCT** no estranxeiro- Os períodos serán FEBREIRO ou SETEMBRO de 2017 no caso das PRÁCTICAS, e ABRIL ou SETEMBRO de 2017 no caso da FCT.

## [QUÉN PODE SOLICITAR]

Para facer a FCT os alumnos dun CICLO SUPERIOR que poidan rematar nese curso a totalidade dos módulos do CICLO.

Para facer PRÁCTICAS os alumnos que teñan obtido o título neste ano académico.

## [CÓMO SE SOLICITA]

Aberto xa o PRAZO DE INSCRIPCIÓN debes presentar cuberta a **SOLICITUDE OFICIAL (a podes obter na páxina web de ERASMUS do INSTITUTO)**, e rexístrala na SECRETARÍA do Instituto, engadíndolle a documentación indicada na convocatoria. Tes a información na web:

<http://erasmuspolitecnico.wixsite.com/erasmuspolitecnico>

## [ONDE PODO FACER A FCT ou PRÁCTICAS]

Nun dos países seguintes países sempre que manteñamos colaboración para a acollida de alumnos do centro. Actualmente mantemos colaboración con empresas de ALEMANIA, FRANCIA, PORTUGAL, IRLANDA, MALTA, ITALIA, AUSTRIA, BELGICA, REPÚBLICA CHECA, POLONIA.

# Axudas a recibir

## Bolsa Erasmus+ para mobilidades

A BOLSA ERASMUS+ para o curso académico 2016-2017 ascende a 400,00€/mes (GRUPO 1), 350,00 €/mes (GRUPO 2), ou 300,00 €/mes (GRUPO 1) dependendo do país onde fagas a FCT ou PRÁCTICAS.

Grupo 1	Austria, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Italia, Liechtenstein, Noruega, Reino Unido, Suecia y Suiza
Grupo 2	Alemania, Bélxica, Chipre, Croacia, Eslovenia, España, Grecia, Islandia, Luxemburgo, Países Bajos, Portugal, República Checa y Turquía
Grupo 3	Bulgaria, Eslovaquia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, Rumanía y antigua República Yugoslava de Macedonia

## Axuda Consellería Educación

Os alumnos/as que fagan a FCT terán, por agora, unha axuda da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia por valor de entre 500 e 700 euros dependendo do país de destino da FCT, e do orzamento que a Consellería destine ese ano.

Para o trámite desta axuda nos encargamos nos da preparación do papeleo pero eres tí quen terá que asinalos.

ERASMUS+:

Cambiando  
vidas, abrindo  
mentes

